

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 4 DE DECEMBRO DE 2019

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Casanova Cudeiro, Manuel

Ferreiro Calvo, Mireya

Herrero López, Yoguesvar

Lozano Ramírez, Amado Tierra

Valeiras Martínez, Ricardo Ignacio

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan a súa ausencia

PDI

López Díaz, María

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o mércores 4 de decembro de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de novembro de 2019.

2.- Informe da presidenta

3.- Aprobación, se procede, do procedemento: Identificación das necesidades do PAS do centro e Identificación das Necesidades de formación do PAS do centro.

4.- Rolda de intervencións.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de novembro de 2019.

Apróbase por asentimento

2.- Informe da presidenta.

Non hai informes.

3.- Aprobación, se procede, do procedemento: Identificación das necesidades do PAS do centro e Identificación das Necesidades de formación do PAS do centro.

Detectado un erro no enunciado, propónse substituír a palabra procedemento por rexistro.

Unha vez aprobado, a decana da lectura do acordo alcanzado respecto a validación deste rexistro na Comisión de Calidade celebrada onte.

A Comisión de Calidade acorda absterse das validacións dos rexistros “Identificación das necesidades do PAS do centro e Identificación das Necesidades de formación do PAS do centro”, alegado os seguintes aspectos:

1. Nin o rexistro, nin o procedemento, dependen do Centro, que non ten capacidade de elaboralo, nin corríxilo.

2. Maníftase o desacordo co escrito nos seguintes aspectos:

a. Maiormente recolle a formación xa recibida polo PAS, detectando solo dous parágrafo (páx.2) que se refiren ás necesidades formativas actuais

b. Non é específico da facultade de Historia. Salvo na páx.1, o texto refírese ao PAS de todo o campus

c. Enténdese que Comisión de Calidade non contempla entre as súas funcións referendar unha reforma da RPT, que debe facerse polos canles establecidos.

A decana propón aos membros da Xunta de Facultade a aprobación deste escrito para remitilo a Área de Calidade da UVigo

Apróbase por asentimento.

4.- Rolda de intervencións.

Non se presentan

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.45 h do día 4 de decembro de 2019, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba